

EIXES ESPECÍFICOS

EIXO DE ACCIÓN 8

VOLUNTARIADO XUVENIL

**OBXECTIVO OPERATIVO 1**

Promover accións e programas que fomenten a participación voluntaria da mocidade en actividades solidarias, culturais, sociais...

Medida 2: Voluntariado ambiental

Persoas beneficiarias: 79.

Tipo de actividade: Campañas.

Obxectivos acadados: A concienciación da importancia de coidar os montes e os recursos naturais da nosa terra. O programa desenvolveuse en quendas de 5 días no que grupos de 8 persoas voluntarias xunto co monitorado realizou diferentes actividades de sensibilización e información sobre a necesidade de coidado e preservación da masa forestal.

**Medida 3: Plan dinamizador do voluntariado social galego**

Persoas beneficiarias: 138.

Tipo de actividade: Campañas.

Obxectivos acadados: A participación da mocidade en accións sociais, como por exemplo o voluntariado con enfermos alzheimer, bibliovol, voluntarios polo nadal...



Medida 4: Voluntariado Xuvenil

Persoas beneficiarias: 314.

Tipo de actividade: Campañas.

Obxectivos acadados: O achegamento dos mozos e mozas ás entidades de acción voluntaria. Trátase dunha iniciativa que se basea na posta en marcha en paralelo dunha bolsa de persoas voluntarias e unha de proxectos de voluntariado co obxectivo de poñer en contacto as dúas bandas.



Medida 5: Plan de formación do voluntariado



Persoas beneficiarias: 4009.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A formación das persoas voluntarias, o persoal técnico e o persoal das entidades de acción voluntaria. Para elo, ao longo do ano 2012 programáronse cursos presenciais e de formación online de temáticas diferentes.

Medida
Nova**Medida 6: Bibliovol**

Persoas beneficiarias: 33.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: O apoio as actividades das bibliotecas Nodais de Galicia, a través da participación dos mozos e mozas en actividades de voluntariado. Participaron no proxecto 6 bibliotecas.



- Biblioteca de A Coruña
- Biblioteca de Lugo
- Biblioteca de Ourense
- Biblioteca de Pontevedra
- Biblioteca Pública de Santiago Anxel Casal
- Biblioteca de Viao

Medida
Nova**Medida 7: Rede de Centros Escolares Solidarios**

Persoas beneficiarias: 300.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A promoción de valores de solidariedade, participación, compromiso e voluntariado entre a comunidade educativa e favorecer que os/as escolares se comprometan como voluntarios e voluntarias, a través da creación dunha rede de voluntariado nos centros educativos.

**Medida 8: Festival da Luz**

Persoas beneficiarias: 33.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A participación da mocidade en actividades de voluntariado.

OBXECTIVO OPERATIVO 3

Facilitar un espazo de reflexión para o intercambio de experiencias sobre o voluntariado

Medida 3: Foros Galegos de Solidariedade

Persoas beneficiarias: 83.

Tipo de actividade: Xornadas.

Obxectivos acadados: Estimular a reflexión e o debate no ámbito do voluntariado, proporcionando a construción de conclusións compartidas sobre aspectos cruciais para o desenvolvemento da acción das entidades sociais e solidarias en Galicia.

Leváronse a cabo cinco foros de temáticas diferentes.

- O voluntariado en Galicia (Lugo, 28 de marzo).
- Promoción e dinamización da acción voluntaria (Ourense, 26 de abril).
- As persoas nas organización solidarias (Vigo, 13 de xuño).
- A xestión da acción voluntaria (Ferrol, 25 de outubro).
- A contribución social das entidades solidarias e de voluntariado (11 de decembro).

**OBXECTIVO OPERATIVO 4**

Apoiar e promover a programación e posta en marcha de actividades de carácter voluntario

Medida 1: Orde de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado

Medida 2: Orde de subvencións a entidades de acción voluntaria para o fomento e a realización de actividades de voluntariado

Persoas beneficiarias: 35 concellos e 20 entidades.

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: O fomento do papel do voluntariado, a través do financiamento das actividades de voluntariado que se están a facer dende as entidades locais e as entidades de acción voluntaria.

OBXECTIVO OPERATIVO 5

Promover a participación da mocidade en programas de voluntariado no eido europeo

Medida 2: Servizo voluntariado europeo

Persoas beneficiarias: 60.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A realización dun servizo de voluntariado nun país diferente ao seu, facilitando as entidades de acción voluntaria a colaboración dos mozos e mozas de outros países.

